



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A OPC GALICIA PARA O IMPULSO DO TURISMO NEGOCIOS E EVENTOS MICE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa OPC-Galicia, Asociación Galega de Empresas de Organización Profesional de Congresos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e OPC Galicia para o desenvolvemento e impulso do turismo MICE a través da realización das seguintes accións:

- Platós virtuais en palacios de congresos: Ferramenta alternativa que permita a realización de congresos e eventos virtuais situados nos tres Palacios de Congresos de Galicia: Palexco na Coruña, Palacio Santiago en Santiago e Auditorio Mar de Vigo en Vigo.
- Fondo de contratación de espazos e sedes: O fondo pretende servir de apoio económico á organización de calquera evento MICE en Galicia co fin de non anular ningún evento, senón traballar sempre en clave do seu aprazamento e adaptación á nova normalidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Dada a situación actual de permanencia da crise sanitaria provocada pola COVID 19 e as correspondentes restricións de mobilidade a nivel mundial, nacional e rexional, faise necesario seguir dispoñendo de espazos adecuados para a organización de eventos híbridos e virtuais.

O sector MICE de Galicia está a cumprir estritamente todas as normativas e recomendacións indicadas pola autoridades políticas e sanitarias desde o 14 de Marzo de 2020 na celebración presencial de pequenos eventos e na organización híbrida e virtual, cumprindo e facendo cumprir as medidas de seguridade vixentes impostas en cada momento.

A implicación dos espazos e do sector xeraron unha reacción que supuxo a instalación de ata 5 estudos virtuais, moito máis que a media de calquera comunidade en España, exceptuando Madrid ou Barcelona.

Terceiro.- No citado contexto o obxectivo do convenio é o impulso ao sector MICE e contribuír a asegurar o seu futuro, como un sector turístico relevante para Galicia, en termos de imaxe, riqueza e proxección.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Así mesmo, a citada Asociación é a única entidade que poden desenvolver o seu obxecto de xeito completo, xa que é a única entidade no ámbito da Comunidade autónoma que aglutina aos Organizadores Profesionais de Congresos.





Que a través deste convenio, outórgase á OPC-Galicia, Asociación Galega de Empresas de Organización Profesional de Congresos, unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

